

# O ESTADO DE SAÚDE DOS RÍOS GALEGOS

Virginia Rodríguez, Paco Bañobre e Cristina Rosas

Ramsés Pérez



Cada grupo de voluntarios/as do Proxecto Ríos fai un seguimento dúas veces ao ano (primavera e outono) dun treito de río. O seguimento inclúe o control de parámetros fisicoquímicos (caudal, velocidade da auga, anchura e fondo do leito, tipo de substrato, pH, nitratos...), parámetros biolóxicos (fauna, flora e estado do bosque de ribeira), e tamén a detección de posibles alteracións debidas a vertidos, presenza de contaminantes na auga, afeccións por seca, etc. O Informe anual 2006 presenta as principais liñas de traballo do voluntariado do Proxecto Ríos e resume o estado de saúde dos ríos galegos, derivado deste seguimento.

Os datos das inspeccións que os grupos envían son a fonte de información que nos permitiu elaborar este informe e chegar ás conclusións que del se tiran sobre o estado de saúde dos nosos ríos. Estes resultados teñen un carácter máis cualitativo que cuantitativo pola marca da compoñente didáctica que posúe o proxecto. Tamén nos permite coñecer a capacidade de implicación do voluntariado ambiental no ámbito dos ecosistemas fluviais no noso país.

### DOUS ANOS DE PROXECTO RÍOS

Durante estes dous anos de andaina do Proxecto Ríos os elementos máis salientables foron os seguintes:

-A consolidación do proxecto, o que pon de manifesto o interese que para a cidadanía espertan os ecosistemas fluviais.

-Un segundo elemento é o feito de que o proxecto ven a cubrir un baleiro existente na Galiza respecto á participación cidadá no ámbito fluvial tal e como se recolle na Directiva Marco da Auga (DMA). O Proxecto Ríos asume o compromiso de cubrir as posibilidades que se presentan na DMA e comprométese a estender dinámicas participativas que permitan achegar á cidadanía a unha Nova Cultura da Auga.

-O terceiro punto a destacar é o crecemento no número de voluntarios/as que despois de dous anos acadan os 180 grupos.

O Proxecto Ríos naceu en Catalunya hai 10 anos e na actualidade tamén se implantou en Andorra, no País Valenciá, e en Portugal. Esta ampliación do pro-

**"destaca o crecemento no número de voluntarios/as, que despois de dous anos acadan os 180 grupos"**

proxecto permite pensar na creación dunha rede Ibérica que canalice o intercambio de experiencias e iniciativas entre os distintos territorios.

### UN NIVEL DE PARTICIPACIÓN ALTO E DISPAR

Dende a posta en marcha do Proxecto Ríos, o número de participantes aumentou considerablemente, é de salientar que este incremento constatouse de novo no presente ano, xa que o número de voluntariado comprometido co Proxecto Ríos na campaña de outono 2006 foi maior que na de primavera 2006.

Xeograficamente observamos unha distribución desigual, condicionada pola distribución da poboación de Galiza. As provincias de A Coruña e Pontevedra contan co maior número de grupos, con por-

centaxes que acadan o 48% e o 34% do total, respectivamente. Lugo (14%) e Ourense (4%) están menos representadas.

As vertentes máis estudadas son as das Rías Baixas e a do Miño, que acadan entre ambas o 80% das inspeccións realizadas. A porcentaxe restante repártese entre as vertentes do Arco Ártabro e Fisterrá, as do Limia-Douro e as concas que verten ao mar Cantábrico.

As características dos grupos participantes no Proxecto Ríos son dispares como corresponde a un proxecto aberto a calquera persoa e colectivo interesado no mesmo, aínda así os centros de ensino xunto cos particulares constitúense nos participantes con maior representación.

A pesar do salientábel aumento na participación desde o ano 2005, esta tendencia non se reflicte ao mesmo nivel na porcentaxe de grupos que envían os datos das inspeccións. Durante as dúas campañas de 2006 as inspeccións enviadas non acadaron o 40% do total. Con todo, o grao de implicación está aumentando e coidamos que en sucesivas campañas sumaremos un maior número de inspeccións de treitos.

### O ESTADO DE SAÚDE DOS RÍOS

O Cadro I mostra os resultados relativos ao Estado de Saúde dos Ríos, tal como se deriva da definición do mesmo

**Que é Roteirios 07?**  
Roteirios é un programa de itinerarios organizado polo Proxecto Ríos que pretende unir ríos e persoas. Con este novo proxecto tentamos chegar a todas as partes do noso territorio para ofrecer a cidadanía unhas condicións ideais para dar a coñecer a diversidade natural, cultural e rural do noso país, empregando medios de transporte sustentables (en bus, a pé, en bici e en auga). Neste primeiro ano queremos chegarnos á conca do Miño con roteiros polo beira galego e a portuguesa.

En Bus do río Louro ao Limia ... 24 de Febreiro  
A pé polo río Tea ... 24 de Marzo  
En Bici pola escarpada de Valença a Monção ... 14 de Abril  
En canoa polo río Miño ... 12 de maio

+ info: [www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org)

contida na metodoloxía do Proxecto Ríos e do conxunto de datos recibidos das inspeccións realizadas en 2006. Os datos máis negativos correspondéronse con tramos inspeccionados do río Miñor e do Furelos na conca das Rías Baixas, tramos do Cans na conca do Miño, treitos do Beelle e do Arteixo na conca do Arco Ártabro e Fisterrá e con treitos do Limia na conca do Limia e do Douro.

Podemos afirmar que o estado de saúde dos treitos analizados na primavera de 2006 era maioritariamente bo e

mellor que no outono, aínda que tamén se observaron treitos con primeiros síntomas de deterioro, treitos deficientes e incluso treitos moi graves (en menor porcentaxe). Unha posíbel explicación pode ser que no outono as poboacións de macroinvertebrados (bioindicadores do estado de saúde) son máis baixas que na primavera. O empeoramento tamén podería ser debido ás graves enchentes que experimentaron os nosos ríos no outono.

Por outra banda, a auga fluía en case un 100% dos casos, e maioritariamente

non presentaba cheiro e era transparente, o que nos indica que os grupos de voluntarios/as evitan elixir aqueles tramos a priori máis degradados.

É interesante vermos como estado de saúde dos ríos está directamente relacionado coa calidade do bosque de ribeira. Parámetros como complexidade estrutural, conectividade e continuidade ao longo do río, determinan o estado de saúde do ecosistema fluvial. Os resultados relativos á calidade do bosque de ribeira móstranse no Cadro II.

### CADRO I. ESTADO DE SAÚDE DOS RÍOS (PORCENTAXES POR CONCAS)

Vertente*	Sá	Primeiros síntomas	Deficiente	Grave	Moi grave
Rías Baixas	56,4%	28,2%	7,7%	2,6%	5,1%
Miño	79%	10,4%	5,3%	5,3%	0%
Arco Ártabro e Fisterrá	33,3%	16,7%	50%	0%	0%
Limia-Douro	0%	66,7%	33,3%	0%	0%

\*Non se incluíu a conca Cantábrica, xa que só hai datos dun único treito do río Narón

### CADRO II. CALIDADE DO BOSQUE DE RIBEIRA (PORCENTAXES POR CONCAS)

Vertente*	Ben conservado	Alteracións importantes	Moi degradado
Rías Baixas	53,2%	34,2%	12,6%
Miño	60,4%	25%	14,6%
Arco Ártabro e Fisterrá	57,1%	14,3%	28,6%
Limia-Douro	66,7%	33,3 %	0%

\*Conca Cantábrica: idem. Cadro I

Os treitos coas marxes máis degradadas correspondéronse cos dos ríos Miñor, Loira e Tines na conca das Rías Baixas, co Can, Chanca e Miño na conca do Miño; e co Arteixo e rego da Balsa na conca do Arco Ártabro e Fisterrá. As condicións das marxes dos ríos inspeccionados durante as dúas campañas difiren un chisco, mentres que nos datos enviados na campaña de

primavera a calidade do bosque de ribeira se mantíña nuns niveis de boa conservación, as inspeccións correspondentes á campaña de outono indican un número menor de treitos coas beiras ben conservadas aumentando os tramos con alteracións importantes e moi degradados. A causa desta variación pode ser debida de novo as enchentes do pasado outono.



### AGRADECIMENTOS

Proxecto Ríos-ADEGA agradecen ao voluntariado do Proxecto Ríos a súa colaboración na elaboración do Informe Anual 2006.

**+INFORMACIÓN:** Podes descargar o informe completo da páxina do proxecto, [www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org)